

INTERCAMBIO CULTURAL MELIDE - RIBADEO



Este ano os rapaces/as de 3º, 4º e 1º de bacharelato fixemos un intercambio cultural co IES Dionisio Gamallo Fierros de Ribadeo.

Primeiro eles viñeron a Melide e nós ensinámolles o Leboreiro, a Igrexa de Santa María, o Bocelo e o río Furelos, no que

paramos a comer; este recorrido fixémoslo pola mañá seguindo un tramo do camiño de Santiago. Pola tarde eles fixeron un concurso polo casco vello de Melide para coñecelo máis, no que tiveron que responder unhas preguntas sobre el.

Tres semanas despois fomos nós a Ribadeo e pola mañá vimos a praia das Catedrais, a do Esteiro e un parque recreativo dende o que viamos case todo Ribadeo, para comer paramos nun porto.

Pola tarde vimos o faro de "Illa Pancha" e viaxamos en lancha a Asturias pasando por debaixo da ponte de todos os Santos. Ao final deixáronnos un anaco para facer o que nós quixeramos por Ribadeo.

Pasámolo moi ben xa que coñecemos a moita xente e divertímonos moito.

*YOLANDA MONTERO, SILVIA SUÁREZ
ANDREA VÁZQUEZ S3B*

OS TELÉFONOS MÓBILES

O alumnado do IES de Melide non está de acordo con que a dirección do centro mandase aos pais que firmasen un comunicado no que se lles informa de que está prohibido usar o móbil no instituto, xa que este escrito tamén debía ser válido para os profesores, porque as regras son as mesmas para todos.

Nós pensamos que este aparello é necesario para a vida cotiá, aínda que debemos utilizalo con medida, pero algúns profesores tamén están obsesionados con este tema. O que quere dicir é que non teñen dereito a berrar aos alumnos por levalo á clase.

O celular é necesario porque se tes algúns familiares enfermos, problemas na casa... etc. aínda que con eles gastas moitos cartos enviando SMS, chamando, etc.

AGRUPAMENTO DE 3º ESO

O CONTACONTOS

O día 14 de maio viñeron ao noso instituto uns rapaces de Val do Dubra a contarnos uns contos e unhas cancións.

Eran dúas rapazas de 4º de ESO e dous rapaces de 4º e 2º.

O máis pequeno contounos dous contos; un trataba das videoconsolas, polo que a moitos lles gustou. Ese rapaz estaba no escenario e non tiña vergonha ningunha, se fora eu quen estivera alí..., sería a experiencia, porque xa se presentou a concursos de

contos e gañou varias veces.

Trouxeron unha pandeireta e un pandeiro co que as rapazas, chamadas Laura, nos cantaron cancións galegas.

O outro rapaz, o de 4º, púxose a facer coma un vello que estaba no manicomio e falaba da vida labrega.

Cando remataron, todos aplaudimos bastante e ata chegaron a pedir que contaran algo máis, sería para perder clase.

PATRICIA ROCA FERNÁNDEZ, S1B

Gustoume moito a actuación dos rapaces de Val do Dubra. O que fixeron foi contar varios contos na forma de comunicarse alí, con pandeiros e pandeiretas; iso si, non só se comunican con instrumentos senón tamén coa fala e, como é evidente, en galego. O que máis me gustou foi o que falaba de xogos de morte e o que facía de tolo. O de xogos de morte gañou 750 euros por contar contos en galego.

ALEJANDRO LÓPEZ PENÍN, S1B